



PROVIDENCIA DE ALCALDÍA

Expediente. 2024/C004/000001

Transcorrido o prazo contractual inicial e logo de ter acordado dúas prórroga, e rematando esta última o 31 de agosto de 2024, considérase necesario proceder a iniciar os traballos para que, si o órgano competente o estima oportuno, se proceda a unha nova licitación, aproveitando igualmente para a actualización e modificación do Regulamento de réxime interior da Escola Infantil Municipal de Bergondo.

Con data de 28 de agosto de 2019, logo da tramitación do correspondente expediente de contratación, o Concello de Bergondo e Os Peques S.L, procederon a asinar contrato administrativo da concesión do servizo público da Escola Infantil Municipal de Bergondo. Dito contrato tiña unha duración prevista de 3 anos, sendo posible a súa prórroga, por mutuo acordo, por dous anos máis.

O expediente de constitución do servizo municipal de escola infantil aprobado por acordo do Pleno en data de 6 de maio de 2005, establecía como forma de xestión máis axeitada a xestión indirecta a través de concesión, así como o Regulamento de funcionamento e organización que rexerá a prestación do servizo da Escola Infantil Municipal de Bergondo, aprobado polo pleno municipal en sesión extraordinaria celebrada o día 16 de maio de 2019, e publicado de xeito definitivo no Boletín Oficial da Provincia núm. 132 do 15 de xullo de 2019.

Tendo en conta que con data 20 de maio de 2024, pola empresa adxudicataria do contrato menor de servizos de elaboración do estudo económico da prestación do servizo de Escola Infantil municipal e redacción do Prego de prescricións técnicas que rexerán o servizo, así como a demais documentación elaborada para conformar o expediente de contratación, sinalando que o modo de prestación do servizo da EIM é a través dun contrato de prestación de servizos.

Tendo en conta que conforme establece o artigo 28 da Lei 9/2012, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que non se poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos fins institucionais e que a tal efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia delo na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encaminado á súa adxudicación, pola presente **dispoño**:

Primeiro: Que, elaborados e incorporados ao expediente os documentos indicados, se proceda por parte da Intervención municipal, a emitir o correspondente certificado de existencia de crédito.

Segundo. Que por parte da Secretaria municipal se emita informe sobre o procedemento a seguir, órgano competente e restantes consideracións xurídicas que considere procedentes e se incorpore unha proposta de Pregos de cláusulas administrativas particulares ao expediente. Logo do cal, elévese a informe de fiscalización da Intervención municipal y déaseme conta de todo o actuado.

Bergondo, 21 de maio de 2024

A Alcaldesa. Asdo. dixitalmente

Alejandra Pérez Máquez.

Recibido. Asdo. dixitalmente

A Interventora

A Secretaria

Laura Gutiérrez Ortiz

Ana M^a Cacharrón Castelos